

Nota sobre as comunidades de aves do piso subalpino de Pena Trevinca

José Guitián, Ana Pérez, Jose Ramón Gómez, Francisco José Fernández Otero, Xoán Collazo, Luis José Salaverri.

O pasado día 2 de xullo con motivo da tradicional subida a Pena Trevinca da SGO, decidímonos a contar os paxaros que atopabamos a medida que subiamos cara ó alto de Trevinca desde Porto (Zamora), co obxectivo de ter unha idea aproximada das distintas abundancias relativas das especies que viven alá arriba.

Para tal fin e coa axuda dun GPS marcamos 4 transectos de 700 m ó longo do noso itinerario de subida. O primeiro transecto comezou no Turrieiro (inicio do altiplano de Porto a uns 1615 m de altitude) e terminou a 1705 msnm. O segundo discorriu entre os 1715 m e os 1735m. O terceiro entre os 1740 m e os 1805 m e ó último entre os 2020 m e os 2035 m. O terreo estaba cuberto de carrasca (*Calluna vulgaris*), arandeiras (*Vaccinium myrtillus* e *V. uliginosum*), xenebro (*Juniperus nana*), xesta (*Genista sanabrensis*), moita pedra e un céspede de herbáceas moi espeso nas vaguadas.

Anotamos todos os paxaros vistos tanto na banda do transecto (25m x 2) como fora dela. Aquí mostramos o conxunto de aves vistas.

	Aarv	Acam	Aspi	Pmod	Stor	Ooen	Msax	Ccan	Ecit	Ehor	Total
1615-1705	1	0	1	5	9	0	2	1	5	2	26
1715-1735	2	0	1	1	1	1	0	2	0	0	8
1740-1805	1	1	5	1	0	0	0	0	0	0	8
2020-2035	2	0	2	0	0	3	0	1	0	0	8
Total	6	1	9	7	10	4	2	4	5	2	50

Aarv	<i>Alauda arvensis</i>
Acam	<i>Anthus campestris</i>
Aspi	<i>Anthus spinoletta</i>
Pmod	<i>Prunella modularis</i>
Stor	<i>Saxicola torquata</i>
Ooen	<i>Oenanthe oenanthe</i>
Msax	<i>Monticola saxatilis</i>
Ccan	<i>Carduelis cannabina</i>
Ecit	<i>Emberiza citrinella</i>
Ehor	<i>Emberiza hortulana</i>

É importante sinalar que entre os dous primeiros transectos (feitos por debaixo dos 1800 m de altitude) o número de especies presentes e todavía alto: 8 no primeiro e 6 no segundo, e que ademais as dominantes foron a chasca (*Saxicola torquata*) e a azulenta (*Prunella modularis*). Non obstante, por riba dos 1800 msnm non vimos mais que 4 especies en cada transecto con predominio da pica alpina (*Anthus spinoletta*), moi destacada do resto das especies. Tamén chamou a atención o feito de que apareceran,

polo menos, 3 territorios de escribenta hortelá (*Emberiza hortulana*) no tramo que vai dende o Turrieiro ata Pena Trevinca. Tendo en conta que os nosos compañeiros que quedaron na parte baixa no val de Porto (máis ou menos a 1300-1400 msnm) mirando paxaros, tamén viron estas escribentas, pódese pensar que probablemente non son tan escasos na zona e no hábitat como nos parecía anteriormente.

No gráfico mostramos os valores medios dos 4 censos para as especies implicadas ordenados de máis a menos. As letras do eixo horizontal son as iniciais do xénero e da especie. O eixo vertical e a media dos 4 transectos.

